

Casi tres anos coa FEEA *Almost three years with the FEEA*

Javier Mansergas. Federación de Entidades de Educación Ambiental-FEEA (España)

Resumo

A Federación de Entidades de Educación Ambiental-FEEA é o resultado do traballo conxunto dos representantes dalgunhas das Asociacións de Educación Ambiental de carácter Autonómico que están a funcionar no Estado Español. Neste artigo preséntanse brevemente a orixe e proceso de constitución, así como os obxectivos e liñas de traballo.

Abstract

The Forum for Ecological Education and Action - FEEA - is the result of the combined efforts of representatives from various regional Environmental Education Associations working in Spain. In this article, the origins and constitution process are briefly presented, together with the goals and lines of work.

Palabras chave

Asociación de educación ambiental, federación, participación, traballo en rede.

Key-words

Forum for ecological education, federation, involvement, networking.

Introdución

O Libro Branco da Educación Ambiental en España 1999, recolle que *“hai asociacións e sociedades que agrupan aos profesionais da educación ambiental e cuxos fins principais son: promover unha educación ambiental de calidade; favorecer o recoñecemento social da educación ambiental e dos educadores ambientais; servir de foro de encontro e de punto de referencia; e favorecer o desenvolvemento profesional neste campo”* (CTEA, 1999, páx. 65).

Este é un recoñecemento a un labor emprendido desde fai moitos anos por Asociacións como a SCEA (*Sociedade Catalá de Educación Ambiental*), que en 1985 nacía para actuar colectivamente como un conxunto de educadores ambientais con intereses e preocupacións comúns dentro do campo do educación ambiental (en diante EA).

Desde entón, moitas Asociacións de EA fóronse consolidando, outras sufriron procesos de disolución que posteriormente permitiron retomar a creación dunha nova Asociación con renovadas enerxías, e ata algunhas hoxe en día están dando os seus



primeiros pasos. En xeral pódese afirmar que os educadores ambientais do noso país comprenderon a necesidade de traballar xuntos para consolidar a educación ambiental como instrumento imprescindible na toma de decisións de política e xestión que afectan ao medio ambiente. Para iso é imprescindible tamén o recoñecemento da figura do educador ambiental superando concepcións sesgadas que vinculaban ao educador ambiental únicamente como monitor de actividades ao aire libre.

O proceso de constitución

Paralelamente ao mundo asociativo, o CENEAM comeza a organizar o *Seminario de Asociacións de EA* que serve de espazo de reflexión e que permite compartir experiencias. É no Seminario realizado en 1999 cando queda constancia formal dun incipiente interese das Asociacións de EA por unirse creando unha organización de Asociacións de EA.



A futura *Federación de Entidades de Educación Ambiental* (FEEA) empezaba a xestarse xa que se entendía a necesidade de debater a posibilidade de xuntar esforzos na consecución dunha serie de obxectivos que eran troncais en todas as Asociacións.

Pero é no *IV Seminario de Asociacións*, celebrado en Barcelona en 2003 e organizado pola SCEA, cando o embrión da Federación empeza a tomar forma. Por primeira vez hai unha proposta seria e estruturada para valorar a conveniencia de crear unha Federación de Asociacións de EA. Con todo, as Asociacións non se sentían preparadas para dar ese paso, quizais esta opinión vén corroborada polo feito de que dito Seminario centrouse no estudo da dinámica das Asociacións co obxecto de buscar respostas á escasa participación dos asociados ou o retraso na creación de novas Asociacións.

A pesar disto o proceso non estaba en punto morto como o demostra o feito de que un ano despois, no *V Seminario* organizado por REDE (*Asociación de Educadores Ambientais de Castela e León*), afirmá-

sese que antes de crear unha Federación debiamos dotala de contidos e desenvolver traballos “reais”.

Non é ata o ano 2007 cando no *VIII Seminario* celebrado en Santa María de Cayón-Cantabria e organizado por APEA (*Asociación para a Promoción da Educación Ambiental*), redactáronse os Estatutos da futura *Federación de Entidades de Educación Ambiental* (FEEA).

Quen somos?

O 29 de marzo de 2008, en Madrid, constituíuse formalmente a FEEA con 6 Asociacións como socios fundadores:

- Societat Balear d'Educació Ambiental (SBEA)
- Asociación de Educadores Ambientales de Castilla y León (REDE)
- Societat Catalá d'Educació Ambiental (SCEA)
- Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA)



- Asociación de Educación Ambiental y de Educadoras y Educadores Ambientales de la Comunidad de Madrid (AEA Madrid)
- Associació Valenciana d'Educació Ambiental i Desenvolupament Sostenible (AVEADS)

O 8 de Novembro de 2008, en Cuacos de Yuste-Estremadura, na 1ª *Asemblea Xeral da FEEA*, incorpóranse como socios de número dúas novas asociacións:

- Asociación para la promoción de la Educación Ambiental en Cantabria (APEA)
- Red-Foro de Educación Ambiental en Extremadura (Red Foro EAEx)

E na reunión celebrada en outubro de 2009, en Alcalá de Henares-Madrid, uniu-se á FEEA a Asociación Andaluza de Educación Ambiental (ASAEA).

Un proceso en marcha

Desde unha visión externa pode parecer que o proceso de creación da FEEA foi lento, pero non debemos esquecer a famosa fábula da tartaruga e a lebre, na que esta última recrimínalle á tartaruga como se pode tomar a vida con tanta calma e avanzar tan amodo; a resposta da tartaruga é moi clara: *“o que importa non é o tempo que tardas, senón o que aprendiches ao chegar”*.

O proceso de creación da FEEA pode chegar a ser o causante de que a entidade perdue no tempo, dado que xurdiu tras un proceso de reflexión profunda, cun alto grao de participación, coa vontade de beneficiar ao colectivo e exento de intereses persoais e da precipitación que abocasen ao fracaso do proxecto.

Entre os obxectivos marcados destacan algúns como:

Socios fundadores	Socios de número
<ul style="list-style-type: none"> • Societat Balear d'Educació Ambiental (SBEA) • Asociación de Educadores Ambientales de Castilla y León (REDE) • Societat Catalá d'Educació Ambiental (SCEA) • Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) • Asociación de Educación Ambiental y de Educadoras y Educadores Ambientales de la Comunidad de Madrid (AEA Madrid) • Associació Valenciana d'Educació Ambiental i Desenvolupament Sostenible (AVEADS) 	<ul style="list-style-type: none"> • Asociación para la promoción de la Educación Ambiental en Cantabria (APEA) • Red-Foro de Educación Ambiental en Extremadura (Red Foro EAEx) • Asociación Andaluza de Educación Ambiental (ASAEA)

Táboa 1: *Socios que constitúen a FEEA*



- Promover e dar a coñecer a EA
- Fornecer e colaborar en todos os obxectivos que teñen as asociacións integrantes da Federación.
- Reclamar a incorporación da EA a todas as accións de política e xestión que teñan efectos sobre o medio ambiente.


Os que actualmente representamos á FEEA non esquecemos que esta aglutina a entidades que á súa vez representan a centos de educadores ambientais; que a Federación adquire sentido polas entidades que a integran e pode servir como referente de todas elas para xuntar intereses e esforzos; que as persoas que actualmente formamos parte da Xunta Directiva somos perfectamente conscientes de que non o somos a título individual senón como enlaces dun movemento asociativo con moitos anos de historia; e que o noso principal obxectivo é o que nos fixo incorporarnos ás nosas respectivas asociacións: a defensa da EA e o recoñecemento dos educadores ambientais.



As raíces arraigaron e continúan estendéndose. Agora chegou o momento, non de esperar a recoller os froitos do traballo realizado senón de continuar traballando nun proxecto que ilusiona a moitos. Para iso sería importante aplicar aquela premisa de que *“quen quere facer algo atopa o medio, quen non unha escusa”*. Desde a Federación hai grupos de traballo moi activos como o de *Profesionalización en Educación Ambiental* que representan perfectamente ese espírito.

Os educadores ambientais xa non podemos pór escusas, desde as nosas respectivas Asociacións podemos achegar a nosa experiencia co obxecto de dignificar a figura do educador ambiental.

Para máis información e contacto:
feea@educadoresambientales.com



Pico do Fogo-Parque Natural do Fogo

© CEIDA